

II CONCURSO DE DESEÑO DO SUADOIRO E OUTROS ARTIGOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA DA UDC

CURSO 2022 -2023

(Aprobada na Comisión Permanente da Xunta de Facultade do 13/02/2023)

O Pan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Economía e Empresa coa intención de dar unha maior publicidade e visibilidade á Facultade e ao seu PAT, e despois do éxito da I Edición, convoca o **II CONCURSO DE DESEÑO DO SUADOIRO E OUTROS ARTIGOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA DA UDC para o curso académico 2022 – 2023**

ORZAMENTO

Para a concesión destes premios dotarase un total de 200 euros con cargo á partida orzamentaria 6170 300C 480.02

BASES

1. PARTICIPANTES

Poderá presentarse ao certame de xeito individual (todo) o alumnado matriculado no curso 2022-2023 nalgún dos (distintos) niveis (graos, mestrados, doutoramento) da Facultade de Economía e Empresa da UDC .

2. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E REQUISITOS TÉCNICOS

Os deseños terán que ser inéditos, a entidade que convoca o concurso exímese de toda responsabilidade ante posibles reclamacións de terceiros. O participante garante que o traballo presentado é unha creación propia que non depende nin infrinxe dereitos de propiedade intelectual e industrial de terceiros.

O deseño pode ser feito a man ou por ordenador, pero presentarse en soporte informático con formato .JPG, .PDF ou .CDR e cun tamaño de arquivo máximo de 10 MB.

O tamaño do deseño será A4 con 0.5cm de marxe.

O deseño farase a unha soa cor (a unha tinta).

As presentacións deben ser nos seguintes formatos segundo se trate dunha imaxe, texto ou trazo:

- **Imaxe:** debe ter unha resolución mínima de 300ppp e ten que ser unha soa imaxe (sen capas).
- **Texto:** debe ir en liñas, non puntos (vectorizado), e debe indicarse a tipografía usada.
- **Trazo:** debe ir en liñas, non puntos (vectorizado).

3. PREMIOS

O premio para a mellor obra consistirá:

- Nunha **dotación económica de 200 €** aportada pola Facultade de Economía e Empresa.
- Nun **lote dos artigos co deseño gañador** aportado por Reprografía Noroeste, S.L.

Código Seguro De Verificación	ndqxeUSF5BbWXW55+KRRSA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Joaquín Enríquez Díaz	Asinado	17/02/2023 11:30:29
Observacións	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	17/02/2023 11:10:44
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ndqxeUSF5BbWXW55+KRRSA==	Páxina	1/3
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas, así como á de subvencións.

Se o xurado o estimar conveniente poderá deixar o premio deserto.

4. DEREITOS

O PAT da Facultade de Economía e Empresa e a Facultade de Economía e Empresa, resérvanse o dereito de exposición, reprodución e publicación da obra premiada, sempre facendo mención da autora ou autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

Ademais da obra premiada o xurado poderá escoller un número variable de obras que considere de interese para unha posible exposición virtual ou física. As devanditas obras seleccionadas son propiedade de cada autor/a que só cederán temporalmente os dereitos sobre as imaxes para a exposición que tivese lugar, tras o cal seranlles devoltos.

O autor da obra premiada cede, así mesmo, a Reprografía Noroeste, S.L. os dereitos de explotación do deseño para a fabricación e venda de suadoiros e outros artigos nas súas dependencias.

5. INFORMACIÓN QUE DEBE FIGURAR NAS PROPOSTAS DE DISEÑO

O deseño debe ter un motivo ou mensaxe principal que represente á Facultade de Economía e Empresa e/ou o seu estudantado.

Nun plano secundario, sen roubar importancia ao motivo ou mensaxe principal, deben figurar as siglas PAT.

6. SOLICITUDES E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

Para a inscrición no concurso será preciso cubrir o **Formulario de solicitude de participación**, dispoñible no seguinte enderezo <https://bit.ly/concursofee>

O deseño que o/a candidato/a presenta ao concurso **subirase no momento de facer a inscrición mediante o propio Formulario de solicitude de participación**, seguindo o formato requirido (.JPG, .PDF ou .CDR) e cun tamaño máximo de 10MB.

A UDC resérvase o dereito de poder esixir ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación coa Universidade da Coruña.

No caso de que aparezan persoas recoñecibles no deseño, deberase acompañar dunha carta asinada polas devanditas persoas autorizando o uso da súa imaxe, ou, en caso de que as devanditas persoas recoñecibles sexan menores de idade, unha carta asinada polo pai e a nai ou os titores do/da menor.

7. PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as **23:59 horas do venres 28 de abril de 2023**.

8. XURADO E RESOLUCIÓN

O xurado estará presidido por Manuel Alberto Gómez Suárez decano da Facultade de Economía e Empresa ou a persoa en quen delegue. O coordinador do PAT, Joaquín Enríquez Díaz, actuará como secretario con voz pero sen voto. Como vogais actuarán dous/as membros do PDI, un/ha membro do

Código Seguro De Verificación	ndqxeUSF5BbWXW55+KRRsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Joaquín Enríquez Díaz	Asinado	17/02/2023 11:30:29
	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	17/02/2023 11:10:44
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ndqxeUSF5BbWXW55+KRRsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



PAS e un/ha membro do alumnado. As persoas que actuarán como vogais titulares serán as seguintes:

- Carlota María Balsa Sánchez (PAS)
- Bárbara Novo del Río (alumna)
- José Javier Orosa González (PDI)
- Estefanía Mourelle Espasandín (PDI)

O Xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideran suscitarse.

A resolución será publicada na web da Facultade de Economía e Empresa e comunicada persoalmente por correo electrónico ás persoas participantes. Tamén será publicada no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A participación no concurso comporta a aceptación expresa de estas bases.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

As persoas candidatas deben, no momento de presentar a súa candidatura, marcar a casa do Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes

Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de 6 anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
- mediante solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante solicitude á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Código Seguro De Verificación	ndqxeUSF5BbWXW55+KRRsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Joaquín Enríquez Díaz	Asinado	17/02/2023 11:30:29
Observacións	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	17/02/2023 11:10:44
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ndqxeUSF5BbWXW55+KRRsA==	Páxina	3/3
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

